

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

12047 *Real decreto 1004/2015, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se establece o procedemento para a adquisición da nacionalidade española por residencia.*

O procedemento para a tramitación dos expedientes de concesión de nacionalidade por residencia participou dun carácter mixto entre o ámbito xudicial, determinado pola atribución dunha primeira fase do procedemento aos rexistros civís, levados actualmente polos xuíces-encargados, e o ámbito administrativo, derivado da esencia do procedemento e da súa resolución por un órgano da Administración.

Este carácter mixto do procedemento provoca que a media de tramitación dun expediente de nacionalidade por residencia sexa excesivamente longa para dar resposta á lexítima expectativa do estranxeiro, residente legal, que pretende a integración definitiva na sociedade española a través da obtención da nacionalidade.

Á vista do elevado número de solicitudes de nacionalidade por residencia que se presentaron nos últimos anos e das previsións para os próximos, fíxose necesario establecer un procedemento máis áxil que o empregado até agora con obxecto de pór fin aos atrasos que se veñen xerando e que só puideron ser mitigados a través de actuacións específicas sen carácter estable.

Por isto, a disposición derradeira sétima da Lei 19/2015, do 13 de xullo, de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza e do Rexistro Civil, establece, e o presente real decreto desenvolve, un procedemento de carácter netamente administrativo, baseado na tramitación electrónica en todas as súas fases, que permita acurtar sensiblemente os prazos de resolución.

O procedemento, iniciado por solicitude do interesado, instrúeo a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado e finaliza coa resolución do ministro de Xustiza. Cando a solicitude se presente en formato electrónico, achegarase a documentación preceptiva, debidamente dixitalizada, nos termos previstos pola normativa de procedemento administrativo común.

Na procura dun procedemento máis áxil que o actual considerouse esencial a colaboración daqueles colectivos e entidades que, debidamente habilitados mediante un convenio de habilitación para a presentación electrónica de documentos en representación dos interesados, apliquen os sistemas electrónicos de tramitación e sistemas de comunicación dos que xa dispoñen. Nese marco, preténdese facilitar ao solicitante, sexa interesado ou representante, a tarefa de recoller e dixitalizar, convertendo a formato electrónico a documentación necesaria para efectos da súa remisión ao órgano competente, así como garantir a conservación dos documentos e a súa posta á disposición da Administración cando esta o requira.

Entre os trámites do procedemento mantense a obtención de oficio de cantos informes se considere necesario solicitar das administracións públicas competentes e, en todo caso, o do Ministerio do Interior, conforme exige a norma vixente. Así mesmo, requírese o informe que o Centro Nacional de Intelixencia emita no exercicio das funcións que ten legalmente encomendadas.

O presente real decreto inclúe, así mesmo, previsións relativas á regulación das probas obxectivas tanto de diplomas de español como lingua estranxeira (DELE) como de coñecementos constitucionais e socioculturais de España (CCSE), deseñadas e administradas, de conformidade co penúltimo parágrafo do número 3 da disposición derradeira sétima da Lei 19/2015, do 13 de xullo, polo Instituto Cervantes, de acordo coa súa normativa específica, que inclúe actuacións especiais en caso de discapacidade transitoria ou permanente, e conforme o Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo

que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE). A proba de validación do dominio do dito idioma corresponde aos exames para a obtención dos diplomas de español como lingua estranxeira (DELE), como mínimo no seu nivel A2; estes diplomas son expedidos polo ministro de Educación, Cultura e Deporte e, no seu nome, polo director do Instituto Cervantes. Queda garantido deste modo que as probas estean baseadas en criterios obxectivos de maneira que se poida superar calquera posible diferenza de interpretación, así como a súa plena adaptación á política lingüística do Consello de Europa, fixada no «Marco común europeo de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensinanza, avaliación» e aplicada e desenvolvida no «Plan curricular do Instituto Cervantes. Niveis de referencia para o español». Así pois, a proba de exame DELE permitirá facer efectivo o exixido polo artigo 3.1 da Constitución.

Considerouse que a dita proba de exame non sexa necesaria cando se trate de interesados con nacionalidade dun país ou territorio de fala hispana ou cando os interesados obtivesen con anterioridade un DELE, como mínimo, do nivel A2. Tamén se previu a forma de abordar esta materia cando se trate de solicitudes que afectan menores ou persoas coa capacidade modificada xudicialmente.

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderá comprobar de oficio o resultado das probas de exame DELE de nivel A2 como mínimo e de coñecementos constitucionais e socioculturais de España, mediante consulta telemática ao Instituto Cervantes, comprobación con valor probatorio, que fai innecesaria a achega polos interesados dos certificados correspondentes.

Mediante a disposición derradeira primeira modifícase o Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os «diplomas de español como lingua estranxeira (DELE)». Neste sentido, a experiencia acumulada nestes anos polo Instituto Cervantes fai aconsellable a adopción de medidas que permitan obter os diplomas a todos aqueles que superen as probas de exame correspondentes, sen establecer diferenzas, polo que se amplía universalmente o ámbito subxectivo dos diplomas. Por outro lado, de acordo co recomendado polo Tribunal de Contas, atribúense as funcións de proposta de aprobación de prezos dos diplomas ao secretario xeral, na liña do previsto no Regulamento do Instituto Cervantes, aprobado polo Real decreto 1526/1999, do 1 de outubro. Ademais, asígnase ao secretario xeral do Instituto Cervantes a xestión económica dos diplomas e a adopción das decisións e procedementos que requira o desenvolvemento das probas, o que implica igualmente a adecuación do presente real decreto ao Regulamento do Instituto Cervantes citado.

No caso dos estranxeiros que son persoal ao servizo das Forzas Armadas, a dilación na adquisición da súa condición de españois pode ter consecuencias prexudiciais non só desde o punto de vista da súa situación profesional senón tamén para a defensa nacional. Para paliar esta situación, establécense normas específicas para este persoal, que non necesitará reiterar o xuramento ou promesa solemne ante a bandeira, de fidelidade ao rei e de obediencia á Constitución, realizado con anterioridade.

Este real decreto dítase en virtude do previsto na disposición derradeira oitava da Lei 19/2015, do 13 de xullo, en que se establece que mediante real decreto, por proposta do ministro de Xustiza, se aprobará o Regulamento polo que se establece o procedemento electrónico para a obtención da nacionalidade española por residencia.

O presente real decreto foi sometido ao trámite de audiencia das entidades afectadas e os departamentos ministeriais afectados emitiron informe sobre el, así como o Consello Xeral de Poder Xudicial, o Consello Fiscal e a Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de novembro de 2015,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento polo que se establece o procedemento para a adquisición da nacionalidade española por residencia.

Disposición adicional primeira. *Pagamento de taxas.*

O pagamento da taxa pola iniciación do procedemento para obter a nacionalidade española por residencia, prevista no número 4 da disposición derradeira sétima da Lei 19/2015, do 13 de xullo, de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza e do Rexistro Civil, efectuarao o interesado ou o seu representante, logo de cubrir o correspondente formulario de pagamento, na forma que determine o Ministerio de Xustiza. O modelo normalizado de pagamento da taxa encontrárase dispoñible na páxina web do Ministerio de Xustiza.

Esta taxa non inclúe os prezos das probas de exame DELE nin de coñecementos constitucionais e socioculturais de España (CCSE), deseñadas e administradas polo Instituto Cervantes, de conformidade co penúltimo parágrafo do número 3 da disposición derradeira sétima da Lei 19/2015, do 13 de xullo. Os prezos de tales probas rexeranse polo establecido na normativa específica do dito organismo público.

Disposición adicional segunda. *Subscrición de convenios con departamentos e organismos públicos da Administración xeral do Estado.*

En caso de que se subscriban convenios con outros departamentos e organismos públicos da Administración xeral do Estado orientados a permitir a reutilización de aplicacións informáticas de titularidade doutros departamentos ou organismos para a tramitación de expedientes, observarase o establecido no artigo 6.2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, na normativa sectorial vixente e, se for o caso, o disposto no Real decreto 806/2014, do 19 de setembro, sobre organización de instrumentos operativos das tecnoloxías da información e as comunicacións na Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, e, en especial, o previsto no artigo 10 do citado real decreto respecto aos medios e servizos declarados como compartidos pola Comisión de Estratexia TIC.

Disposición adicional terceira. *Actuacións do Instituto Cervantes.*

Habílitase o secretario xeral do Instituto Cervantes para a adopción das decisións e procedementos que requiran o desenvolvemento das probas a que se refire o artigo 6 deste regulamento.

Disposición adicional cuarta. *Acreditación do coñecemento básico da lingua española mediante certificados académicos oficiais.*

Os solicitantes de nacionalidade española por residencia poderán acreditar o coñecemento básico da lingua española mediante a achega ao Instituto Cervantes dos certificados oficiais dos niveis básico (A2), intermedio e avanzado das ensinanzas de español como lingua estranxeira, expedidos pola correspondente Administración educativa ao abeiro do Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Nestes casos, os interesados quedarán exentos das probas de validación do dominio do español previstas no artigo 6 do Regulamento polo que se establece o procedemento para a adquisición da nacionalidade española por residencia.

Disposición transitoria primeira. *Expedientes en curso e período transitorio.*

Os expedientes de nacionalidade por residencia tramitaranse e resolveranse de conformidade coas normas de procedemento vixentes no momento da solicitude.

Disposición transitoria segunda. *Presentación de solicitudes ante rexistros civís, órganos administrativos e por vía electrónica.*

1. Durante o período transitorio que media desde a entrada en vigor do presente real decreto até o 30 de xuño de 2017, os interesados poderán seguir presentando as súas

solicitudes ante o Rexistro Civil correspondente ao domicilio do interesado. Tales solicitudes presentaranse en soporte papel. En tales casos, o Rexistro Civil realizará ao interesado os requirimentos necesarios para completar as solicitudes incompletas e, unha vez conteñan toda a documentación exixida polo presente real decreto, remitiráas á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

2. Para efectos do previsto nesta disposición transitoria, a remisión de documentos desde os rexistros civís á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado levarase a cabo, sempre que sexa posible, de modo telemático, logo de dixitalización dos documentos, nas condicións que determine a referida dirección xeral. Cando non poida levarse a cabo esta conversión a formato electrónico, será responsable dela a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

3. Unha vez finalizado o período transitorio a que se refire esta disposición, as solicitudes só se poderán presentar a través da correspondente aplicación electrónica, ou ben conforme as regras xerais sobre presentación de solicitudes, escritos e comunicacións dos cidadáns ante os órganos das administracións públicas. Ambas as modalidades son, así mesmo, posibles durante o período transitorio que finaliza o 30 de xuño de 2017.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os «diplomas de español como lingua estranxeira (DELE)».*

O Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os «diplomas de español como lingua estranxeira (DELE)», queda modificado como segue:

Un. O artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 2. *Ámbito subxectivo.*

Os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE) poderán ser obtidos por aqueles candidatos que superasen as probas de exame establecidas.»

Dous. Os números 3 e 4 do artigo 6 quedan redactados nos seguintes termos:

«3. Corresponderá ao Consello de Administración do Instituto Cervantes establecer, por proposta do secretario xeral, os prezos a que se refire o parágrafo c) anterior, así como fixar os criterios básicos, para a sinatura polo director, dos acordos previstos no parágrafo e). Así mesmo, corresponderalle a función descrita no parágrafo b).

4. Corresponderán ao director do Instituto Cervantes as funcións descritas nos parágrafos a) e e) do número 2.»

Tres. Engádese un novo número 5 ao artigo 6 coa seguinte redacción:

«5. Corresponderá ao secretario xeral do Instituto Cervantes propor ao Consello de Administración os prezos a que se refire o parágrafo c) do número 2. Así mesmo, corresponderanlle as funcións previstas nos parágrafos d) e f) do número 2.»

Catro. A disposición adicional cuarta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional cuarta. *Recoñecemento dos diplomas, certificados ou títulos acreditativos do coñecemento do español como lingua estranxeira integrados no Sistema internacional de certificación do español como lingua estranxeira (SICELE).*

Os diplomas, certificados ou títulos acreditativos do coñecemento do español como lingua estranxeira que fosen integrados no Sistema internacional de certificación do español como lingua estranxeira (SICELE) equivalerán aos diplomas

previstos no presente real decreto excepto no relativo ao procedemento de adquisición da nacionalidade española.

Os diplomas, certificados ou títulos integrados no Sistema internacional de certificación do español como lingua estranxeira (SICELE) equivalerán, no referente a cada un dos seus seis niveis, respectivamente, aos diplomas de español no seu correspondente nivel A1, A2, B1, B2, C1 e C2.»

Disposición derradeira segunda. *Normativa aplicable.*

Nos procedementos en que resulte aplicable, o presente real decreto considerárase regulación específica e preferente respecto doutras normas regulamentarias. En particular, prevalecerá este real decreto sobre o disposto nos artigos 220 a 224, 341 a 362 e 365 a 369 do Regulamento da Lei do Rexistro Civil, aprobado polo Decreto do 14 de novembro de 1958, que manterán, non obstante, a súa vixencia na medida en que resulten aplicables a outros procedementos.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

1. Facúltase o ministro de Xustiza para o desenvolvemento do presente real decreto entre outras cuestións e, en particular, para o desenvolvemento das previsións relativas ás probas de validación de coñecementos constitucionais e socioculturais de España que, en todo caso, respectarán a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes. Estas probas deseñaraas e administraraas o Instituto Cervantes.

2. Facúltase o ministro de Defensa para que, en coordinación co Ministerio de Xustiza, regule aqueles aspectos da súa competencia que se refiran ao procedemento previsto no presente real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido polos artigos 149.1.2.^a e 149.1.30.^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado, respectivamente, as competencias exclusivas en materia de nacionalidade e para ditar a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira quinta. *Non incremento do gasto público.*

A aplicación deste real decreto non xerará incremento do gasto público.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Xustiza,
RAFAEL CATALÁ POLO

Regulamento polo que se establece o procedemento para a adquisición da nacionalidade española por residencia

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e competencia.*

1. O obxecto do presente regulamento é establecer o procedemento de adquisición da nacionalidade española por residencia.

2. Será competente para a instrución do dito procedemento a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo.*

O ministro de Xustiza concederá a nacionalidade española por residencia a aqueles estranxeiros que, a través do procedemento establecido no presente regulamento, acrediten ter residido legalmente en España durante os prazos e cos requisitos establecidos no Código civil.

Artigo 3. *Natureza electrónica do procedemento.*

1. A tramitación do procedemento terá carácter electrónico en todas as súas fases, sen prexuízo do previsto no número 2 deste mesmo artigo e da posible presentación da documentación en calquera das formas legalmente previstas. En todo caso, están obrigados a se relacionaren coa Administración a través de medios electrónicos os que, sendo representantes do interesado, exerzan unha actividade profesional para a cal se requira colexiación obrigatoria. En tales casos, e en todos aqueles outros en que exista representación legal ou voluntaria, as notificacións administrativas dirixiranse aos ditos representantes e producirán idénticos efectos que se se realizasen ao propio interesado.

2. Para efectos do disposto no número 2 da disposición derradeira sétima da Lei 19/2015, do 13 de xullo, de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza e do Rexistro Civil, as comunicacións telemáticas cos interesados ou os seus representantes deberán ser solicitadas ou consentidas de modo expreso. En caso contrario, as notificacións realizaranse en soporte papel.

3. En caso de que a documentación se presente en soporte papel, o Rexistro Civil ou o organismo administrativo ante o cal se presente a documentación procurarán, sempre que sexa posible e, en todo caso, cando sexa legalmente preceptivo, a conversión dos documentos a formato electrónico de acordo coas normas técnicas de interoperabilidade sobre o documento electrónico, de tal maneira que o procedemento se poida desenvolver integramente con este carácter a través da aplicación informática habilitada para o efecto. Cando non se poida levar a cabo a dita conversión a formato electrónico nos termos expresados, será responsable dela a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

CAPÍTULO II

Procedemento

Sección 1.ª Iniciación do procedemento

Artigo 4. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento iniciárase o interesado mediante a presentación da correspondente solicitude en modelo normalizado, ben a través da correspondente aplicación electrónica ben, se se trata de solicitudes presentadas en data igual ou anterior ao 30 de xuño de 2017, mediante presentación da solicitude ante o Rexistro Civil correspondente ao

domicilio do interesado, sen prexuízo en todo caso das regras xerais sobre presentación de solicitudes, escritos e comunicacións dos cidadáns ante os órganos das administracións públicas. O modelo normalizado de solicitude encontrarase dispoñible na páxina web do Ministerio de Xustiza. Facilitarase ao interesado constancia da data e hora do rexistro de entrada da solicitude presentada telematicamente.

2. Para efectos do disposto no número anterior, facilitarase o acceso á referida aplicación electrónica poñendo á disposición de quen o requira, nas oficinas públicas correspondentes, os medios electrónicos necesarios para isto.

3. Os representantes legais dos menores de idade ou das persoas coa capacidade modificada xudicialmente formularán as solicitudes, conforme o disposto no artigo 21 do Código civil, logo de acreditación de tal representación e da autorización a que se refiren os artigos 21.3 e 20.2.a) do Código civil.

No caso de menores de catorce anos ou persoas coa capacidade modificada xudicialmente, a solicitude de nacionalidade española será formulada polos representantes legais do interesado. Requirirase para isto autorización do encargado do Rexistro Civil do domicilio do menor ou persoa coa capacidade modificada xudicialmente logo de ditame do Ministerio Fiscal, especialmente sempre que concorra algunha das circunstancias seguintes:

- a) Nos casos de garda, tutela ou acollemento por persoa distinta dos pais e, en xeral, en todos os casos de representación legal distinta da patria potestade.
- b) Cando a adquisición da nacionalidade española requira a renuncia á de orixe.

Artigo 5. *Requisitos e documentación.*

1. A solicitude de nacionalidade española por residencia requirirá a presentación dos seguintes documentos, que se incorporarán a un expediente electrónico a través da correspondente aplicación informática:

a) Modelo normalizado de solicitude e, se for o caso, mandato ou poder do representante voluntario. No caso de presentación da solicitude a través de profesionais cuxa actividade requira colexiación obrigatoria, xuntarase en todo caso documento xustificativo da representación.

O modelo de solicitude incluírá as autorizacións en favor da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado que resulten necesarias para a resolución do procedemento. Non obstante, as autorizacións de consulta dos datos do interesado relativos ao domicilio e dos datos existentes no Rexistro Central de Penados e na aplicación de estranxeiría xestionada pola Secretaría de Estado de Administracións Públicas e pola Secretaría Xeral de Inmigración e Emigración poderán substituírse, respectivamente, pola achega do certificado de empadramento, o certificado do Rexistro Central de Penados, a tarxeta de identidade de estranxeiro, a tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión ou o certificado de rexistro de cidadán da Unión.

b) Certificado de nacemento do país de orixe debidamente legalizado e traducido, se for o caso, salvo que o interesado acredite a súa condición de refuxiado ou apátrida, nos termos que determine o Ministerio de Xustiza.

c) Pasaporte, salvo que o interesado acredite a súa condición de refuxiado ou apátrida, nos termos que determine o Ministerio de Xustiza.

d) A documentación relativa ao grao de integración na sociedade española, nos termos a que se refire o artigo 6 do presente regulamento. Non obstante, non será necesario achegar a xustificación das probas superadas ante o Instituto Cervantes cando no modelo de solicitude se autorice expresamente a consulta.

e) Xustificante do pagamento da taxa.

f) Se é o caso, a documentación que acredite, cando proceda, nos termos que determine o Ministerio de Xustiza, a concorrencia no interesado dalgunha ou varias das circunstancias seguintes: falta de exercicio da facultade de optar á nacionalidade española, condición de refuxiado ou apátrida, nacemento en territorio español, condición de sefardí,

matrimonio con español, condición de viúvo de español, descendente de español ou minoría de idade en réxime de tutela, garda ou acollemento non provisional por cidadán ou institución española.

2. No caso de que o interesado sexa menor de dezaioito anos non emancipado ou persoa coa capacidade modificada xudicialmente e suxeita a un réxime de representación legal, deberá achegarse, ademais, a seguinte documentación específica:

a) Se é menor de catorce anos ou persoa coa capacidade modificada xudicialmente e suxeita a un réxime de representación legal, a solicitude deberán asinala os seus representantes legais e deberá achegarse, ademais, a seguinte documentación:

1.^a Autorización do encargado do Rexistro Civil do domicilio do menor ou persoa coa capacidade modificada xudicialmente, nos termos establecidos no número 3 do artigo 4 do presente regulamento. Cando non proceda esta autorización, deberá acreditarse a representación legal.

2.^a Certificado de centro de formación, residencia, acollida, atención ou educación especial que acredite o suficiente grao de integración, obrigatorio no caso de nenos en idade escolar. No caso de menores en idade preescolar, a presentación do dito certificado será voluntaria. No caso de persoas con capacidade modificada xudicialmente, observárase o disposto no artigo 6.6.

b) Se é maior de catorce anos pero menor de dezaioito e non ten a capacidade xudicialmente modificada, a solicitude deberán asinala tanto o interesado como o seu representante legal e deberase achegar, ademais, a seguinte documentación:

1.^a Certificado de centro de formación, residencia ou acollida que acredite o suficiente grao de integración.

2.^a Documento identificativo de quen teña a representación cando esta concorra en quen teña a patria potestade. No caso de representación distinta á patria potestade, deberá achegarse auto xudicial onde se designe a representación legal.

3. No caso de emancipados ou maiores de dezaioito anos que non teñan a capacidade xudicialmente modificada e suxeita a un réxime de representación legal ou que non sexan refuxiados ou apátridas, deberá achegarse, ademais da documentación xeral, certificado de antecedentes penais do país de orixe debidamente legalizado e traducido. Se o interesado é nacional dalgún Estado da Unión Europea, este certificado pódese substituír polo certificado do Rexistro Central de Penados español onde conste expresamente que se consultaron os antecedentes co país de orixe.

4. Poderán xuntarse, se for o caso, cantos documentos e informes se consideren oportunos. Todos os documentos presentados en formato electrónico que precisen sinatura do solicitante serán subscritos mediante certificado electrónico recoñecido do interesado, do seu representante ou, se for o caso, do correspondente profesional habilitado. Nos casos de presentación telemática da solicitude, cando sexan obrigatorias varias sinaturas dun mesmo documento, unha delas será electrónica e as demais serán manuscritas e escaneadas no propio documento.

Artigo 6. *Probas relativas ao grao de integración na sociedade española.*

1. Os interesados deberán superar tanto os exames para a obtención do diploma de español como lingua estranxeira (DELE), como mínimo de nivel A2, como a proba que acredite o coñecemento dos valores históricos, constitucionais e socioculturais de España (CCSE), derivados da configuración de España como un Estado social e democrático de dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político, e o coñecemento e respecto dos principios de conforman a convivencia na sociedade española.

2. Ambas as probas serán presenciais, deseñadas e administradas polo Instituto Cervantes, de acordo co penúltimo parágrafo do número 3 da disposición derradeira sétima da Lei 19/2015, do 13 de xullo, de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza e do Rexistro Civil, e co establecido na normativa específica do Instituto Cervantes e no Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira.

3. En todo caso, a proba de coñecementos constitucionais e socioculturais de España estará formada por un sesenta por cento de preguntas relativas a coñecementos sobre a Constitución e a organización administrativa e territorial de España, e por un corenta por cento de cuestións sobre a cultura, a historia e a sociedade españolas. Todas as preguntas desta proba serán de resposta pechada e terán o mesmo valor dentro do conxunto da proba, a cal se levará a cabo con carácter periódico nos centros de exame recoñecidos polo Instituto Cervantes para realizalas. Os procedementos e prazos para a solicitude de revisión de cualificacións ou reclamacións deberán estar aprobados e publicados con carácter previo ás probas.

4. En caso de o interesado non achegar ao procedemento os certificados que acrediten a superación das probas ante o Instituto Cervantes, deberase autorizar, no formulario de solicitude de nacionalidade, o acceso directo á dita información existente nas bases de datos do Instituto Cervantes.

5. Estarán dispensados da proba de exame DELE os interesados que obtivesen con anterioridade un diploma de español como lingua estranxeira (DELE) como mínimo do nivel A2, así como os nacionais de:

- Argentina.
- Bolivia.
- Chile.
- Colombia.
- Costa Rica.
- Cuba.
- Ecuador.
- O Salvador.
- Guatemala.
- Guinea Ecuatorial.
- Honduras.
- México.
- Nicaragua.
- Panamá.
- Paraguai.
- Perú.
- Porto Rico.
- República Dominicana.
- Uruguai.
- Venezuela.

6. Para efectos de acreditar o suficiente grao de integración na sociedade española requirido polo número 4 do artigo 22 do Código civil, os representantes legais dos menores de dezaioito anos e das persoas con capacidade modificada xudicialmente deberán achegar os certificados de centros de formación, residencia, acollida, atención ou educación especial en que, se for o caso, estivese inscrito o interesado. Estes certificados achegaranse xunto co resto de documentos xustificativos, sen prexuízo de que se poida solicitar de oficio a presentación de novos documentos ou informes oficiais, tendo en conta a idade e circunstancias do menor ou da persoa coa capacidade modificada xudicialmente.

7. De acordo coa súa normativa específica, o Instituto Cervantes ofrecerá actuacións especiais na administración das probas DELE e CCSE para as persoas con discapacidade, de modo que dispoñan dos apoios e dos axustes razoables que lles permitan concorrer en condicións de igualdade efectiva.

8. Ademais da superación das probas a que se refire o presente artigo, para que resulte acreditado o suficiente grao de integración na sociedade española deberase valorar conxuntamente a documentación indicada neste artigo cos informes sinalados nos números 1 e 2 do artigo 8 deste regulamento.

Artigo 7. Convenios de habilitación para a presentación electrónica de documentos en representación dos interesados.

1. O Ministerio de Xustiza, de conformidade coas normas xerais de dereito administrativo común, poderá subscribir co Consello Xeral da Avogacía Española, co Consello Xeral de Colexios de Xestores Administrativos de España, co Consello Xeral de Procuradores de España, co Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de España e con outros colexios profesionais, asociacións e colectivos, convenios de habilitación para a presentación electrónica de documentos en representación dos interesados, que regulen os procedementos e requisitos para a remisión telemática da documentación, debidamente indexada e metadatada.

2. Tales convenios deberán especificar os procedementos e trámites obxecto de habilitación, as condicións e responsabilidades derivadas deles e as obrigacións aplicables tanto á persoa xurídica ou entidade asinante do convenio como ás persoas físicas ou xurídicas habilitadas.

3. En todo caso, nos referidos convenios deberá constar expresamente que a intervención dos profesionais habilitados, que subscribirán os documentos achegados con certificado recoñecido de sinatura electrónica, quedará supeditada á decisión do solicitante, sexa este último o interesado ou o seu representante legal, e non será necesaria, por tanto, a intervención do profesional para a tramitación do expediente nin actuando este profesional por conta do órgano competente senón unicamente por conta do solicitante, polo que a función do profesional non será a do encargado do tratamento senón a de representante e mandatario do solicitante do expediente, que conservará a documentación e realizará as actividades indicadas por conta deste e non da Administración pública.

4. Así mesmo, deberá terse en conta que, nos casos de presentación de documentos por medio das aplicacións telemáticas dos citados colexios profesionais, asociacións e colectivos, tales colexios, asociacións e colectivos se limitarán a pór á disposición da Administración pública as ferramentas electrónicas que possibiliten a realización da solicitude, sen que en ningún caso se poidan constituír tales asociacións e os seus medios electrónicos en rexistros administrativos.

5. Mediante orde do ministro de Xustiza determinaranse os requisitos e condicións para subscribir os convenios a que se refire este artigo. A referida orde deberá garantir en todo caso o respecto aos principios de obxectividade, proporcionalidade e non discriminación na definición das condicións para a habilitación.

Sección 2.^a Instrución do procedemento

Artigo 8. Informes.

1. Sen prexuízo de que corresponda ao interesado a carga da proba dos requisitos para adquirir a nacionalidade, con motivo da tramitación do expediente solicitaranse, de oficio, das administracións públicas competentes cantos informes resulten necesarios, e a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado levará a cabo as comprobacións oportunas. En particular, solicitarase informe, cando se considere necesario, á Delegación ou Subdelegación do Goberno que en cada caso corresponda, nos termos que derivan da normativa anterior.

2. En calquera caso, deberá constar o informe preceptivo do Ministerio do Interior, co obxecto de comprobar se o solicitante reúne os requisitos exixidos no artigo 22 do Código civil. O informe deste departamento comprenderá o xuízo sobre a conduta e situación do estranxeiro respecto das obrigacións que impón a súa entrada e residencia en España.

3. Así mesmo, poderase comprobar o resultado das probas de exame DELE de nivel A2 ou superior e de coñecementos constitucionais e socioculturais de España (CCSE). Esta comprobación poderá realizarse mediante consulta telemática ao Instituto Cervantes, en tales casos, o resultado da comprobación telemática terá o mesmo valor probatorio que a achega polos interesados dos certificados correspondentes.

Artigo 9. Especialidades do procedemento para o persoal ao servizo das Forzas Armadas.

1. Cando se trate de interesados que formen parte do persoal ao servizo das Forzas Armadas, deberá constar na solicitude o mando ou Xefatura de Persoal do Exército a que pertence o interesado, ou a Dirección Xeral de Persoal en caso dos corpos comúns das Forzas Armadas. Unha vez que este mando, xefatura de persoal ou dirección xeral teña coñecemento formal da solicitude, remitirá telematicamente ao Ministerio de Xustiza nun prazo de quince días, os documentos precisos xunto cun informe motivado en que se propoña a concesión ou denegación da nacionalidade española por residencia.

2. No dito informe farase constar expresamente a realización do xuramento ou promesa a que se refire o artigo 13 do presente regulamento. Os interesados que formen parte do persoal ao servizo das Forzas Armadas deberán acreditar igualmente os seus coñecementos socioculturais de España, equivalentes ao disposto no artigo 6 do presente regulamento, mediante certificado expedido polo Ministerio de Defensa.

3. As solicitudes dos militares profesionais de tropa e mariñeiría que estean pendentes de subscribir o compromiso de longa duración terán nos distintos trámites administrativos un impulso preferente e urgente. Esta circunstancia farase constar no expediente.

Artigo 10. Emenda e mellora da solicitude.

1. Se a solicitude ou documentos presentados non reúnen os requisitos necesarios para a obtención da nacionalidade española por residencia, requirirase o interesado ou o seu representante ou, se for o caso, comunicarse telematicamente ao presentante ou ao mando ou Xefatura de Persoal do Exército ou Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa á cal o interesado pertenza, co obxecto da súa notificación, para que emende a falta ou xunte, telemática ou fisicamente, para o seu cotexo, os documentos que procedan. En caso de que a emenda ou complemento se achegue fisicamente, realizaranse as oportunas actuacións para a súa inclusión en formato electrónico no expediente, nos termos establecidos no número 3 do artigo 3 do presente regulamento.

2. Nesta notificación indícarase que, en caso de que non se produza a emenda polo interesado no prazo de tres meses desde que se lle notificou o requirimento, terase por desistido na súa petición, o que se acordará mediante a correspondente resolución.

Sección 3.^a Finalización do procedemento

Artigo 11. Proposta e resolución.

1. A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, á vista do expediente, elaborará a correspondente proposta de resolución de concesión ou denegación da solicitude de nacionalidade para a súa elevación ao ministro de Xustiza.

2. O ministro de Xustiza resolverá á vista da mencionada proposta e, nos supostos de persoal ao servizo das Forzas Armadas, do informe regulado no artigo 9 do presente regulamento. En todo caso, entenderase suficientemente motivada a resolución do expediente baseada no informe do Centro Nacional de Intelixencia.

3. O procedemento deberá ser resolto e notificado no prazo máximo dun ano desde que a solicitude tivese entrada na Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado. Transcorrido o prazo aludido sen que se dítase resolución expresa, entenderanse desestimadas as solicitudes formuladas polos interesados.

4. As resolucións, incluídas as comprendidas no número 2 do artigo 10, comunicaranse ao interesado ou ao seu representante, preferentemente mediante

notificación en sede electrónica ou calquera outra modalidade de notificación telemática fidedigna ou, se for o caso, comunicaranse telematicamente ao mando ou Xefatura de Persoal do Exército ou Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa á cal o interesado pertenza, co obxecto da notificación a este.

A notificación realizarase con expresión, se for o caso, dos recursos que sexan procedentes, prazo e órgano para a súa interposición, así como das condicións a que se refire o artigo seguinte, incluída a circunstancia de que a resolución quedará condicionada a que o interesado non incumpra o requisito de boa conduta cívica até o momento da inscrición, advertindo de que, en caso de incumprimento deste requisito, a resolución perderá a súa eficacia.

Artigo 12. *Eficacia da resolución.*

1. A eficacia da resolución de concesión quedará supeditada a que, no prazo de cento oitenta días contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución ao interesado ou ao seu representante, se realicen ante o encargado do Rexistro Civil as manifestacións a que se refire o artigo 23 do Código civil, relativas ao xuramento ou promesa de fidelidade ao rei e obediencia á Constitución e ás leis, á renuncia á nacionalidade anterior, cando proceda, e á solicitude das inscricións correspondentes no Rexistro Civil, sen que, até ese momento, o interesado cometese actos incompatibles co requisito da boa conduta cívica.

Para tal efecto, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado deberá remitir ao Rexistro Civil toda evidencia da que teña coñecemento acerca do incumprimento do requisito de boa conduta cívica posterior á resolución de concesión da nacionalidade, evidencia que, unha vez concedido prazo de alegacións ao interesado e declarada polo órgano decisorio competente a ineficacia do acto de concesión fundada en razóns de orde pública, e na cal constarán expresamente os feitos en que se basea a denegación, impedirá a inscrición rexistral da nacionalidade.

2. Cando non conste que se acreditase anteriormente a autenticidade dos documentos achegados polo interesado ao expediente electrónico, o encargado do Rexistro Civil cotexaraos cos seus respectivos orixinais, que deberá exhibir o interesado antes de que o encargado proceda á inscrición rexistral.

Artigo 13. *Xuramento ou promesa.*

1. No prazo de cinco días desde as manifestacións a que se refire o número 1 do artigo 12 deste regulamento, o encargado do Rexistro Civil competente por razón do domicilio do interesado en España procederá á inscrición da adquisición da nacionalidade española e, con isto, poñerá fin ao procedemento.

2. Queda excluído da obrigaón de prestar novo xuramento ou promesa de fidelidade ao rei e obediencia á Constitución e ás leis o persoal ao servizo das Forzas Armadas que o acreditase nos termos do artigo 9 deste regulamento.

Sección 4.^a *Recursos*

Artigo 14. *Recurso de reposición.*

1. En caso de denegación da solicitude de nacionalidade, poderá interperse recurso de reposición nos termos e prazos previstos nas normas xerais de procedemento administrativo común.

Nos supostos de persoal ao servizo das Forzas Armadas, desde o Ministerio de Xustiza solicitarase, o máis axiña posible e por vía telemática, informe ao órgano do Ministerio de Defensa que instrúise o expediente, o cal o remitirá pola mesma vía no prazo de cinco días.

2. Á vista do expediente e do informe establecido no número anterior, ditarase a resolución que proceda en relación co recurso de reposición interposto.